



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Marzo 2023 • Nº 276



MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

SENDEIRISMO

■ Ruta dende Laxe ata Arou o sábado 18 de marzo.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada en Breixo as 7:45 horas.
- Parada en Hipercor: 7:55 horas.
- Diante oficina do BNG (antigua Estación de Buses) ás 8:00 horas.

Se nunca viviches esta experiencia e queres facelo podes informarte e inscribirte no 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal.



REVISIÓN ANUAL DAS PENSIÓNS NON CONTRIBUTIVAS

■ As persoas perceptoras de pensións non contributivas (de xubilación ou de invalidez) deberán presentar a revisión anual, xunto coa documentación necesaria, **antes do 31 de marzo de 2023**.

Documentación (depende da situación de cada pensionista):

- Xustificantes das rendas e dos ingresos do ano 2022 do/a pensionista e das demais persoas que integran a unidade económica de convivencia, que non foran declarados con anterioridade.
- No suposto de variacións no número de persoas conviventes acreditarán a do concello de residencia ou por calquera outro medio de proba.

Para acudir ao departamento de servizos sociais comunitarios a tramitar a renovación será necesario solicitar cita previa no teléfono 981 814 693.



*En marzo
Vedra é muller*

Botalle un ollo á web municipal,
coñece a completa programación
ofertada e **PARTICIPA!!**

www.concellodevedra.gal



Concello
de Vedra

Así foi... A Camelia



O Maratón pola montaña "A Camelia" do Club Vértice o pasado 5 de febreiro foi todo un éxito de participación e organización. Podes botarlle un ollo á súa galería fotográfica na web e redes sociais do Club Vértice.



Acto de inauguración das XVII Xornadas Arredor da Camelia




Momento da visita pola exposición de flor e traballos ornamentais con camelia.



Showcooking da Camelia no vagón da Estación.



Concerto de Ailá.



Concerto da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla.



Acto de entrega de premios do 23º Concurso de Debuxo Infantil.



Presenza da foodtruck Galicia Sabe a Mar nas Xornadas da Camelia.



Actuación do Circo Chosco no andén da estación.



Foi en... Febreiro



Festa da Cacheira en Vilanova.



Baile de Entroido da Terceira Idade de Vedra.



Entroido en Vilanova.



Entroido en San Xián.



Participación de Vedra na Campaña de Esqui 2023 da Deputación da Coruña.



Intercambio da xuventude en Polonia.



III Encontro da Rede Provincial de Espazos de Coworking no Centro de Emprendemento A Estación



Concerto da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla o día da Paz, en San Xián.



Pequetrail do Club Vértice.



Campus Aventura da ANPA do CPI de Vedra.



PROGRAMACIÓN ARREDOR DAS XVII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ En marzo continúan as actividades realizadas arredor desta planta.

O 5 DE MARZO... XII BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA POLA VAL DO ULLA



O 11 DE MARZO... OBRADOIRO DE INICIACIÓN AO BONSAI DE CAMELIA



O 18 DE MARZO... EXCURSIÓN Á FESTA INTERNACIONAL DAS CAMELIAS DE CELORICO DE BASTO (PORTUGAL)



Unha das visitas teatralizadas da Asociación Cultural Papaventos.

PRESENTACIÓN DO LIBRO “ARRIEIROS SOMOS” DE RUBÉN RIÓS

Data: xoves 30 de marzo ás 20:00 horas.
Lugar: Centro Sociocultural de Vedra.

Trátase da presentación desta obra literaria de Rubén Riós na que se fai unha recopilación das testemuñas de diferentes persoas que se foi atopando nas aldeas do Camiño da Prata.

Con elas o autor busca transmitir anos de sabiduría e de experiencia na súas realidades. Con exemplos de orgullo pola nosa terra, de emprendemento empresarial e

tamén da soidade ou o medo que xerou na poboación a maior pandemia da Covid-19. Entre os que se atopan algún exemplos vedreses.

Nesta xornada poderemos manter unha distendida conversa co mesmo Rubén Riós.

Trátase dunha actividade gratuíta e na que non tes que reservar cita. Simplemente achégate e non te perdas esta interesante experiencia!!

No dito acto tamén poderás mercar a obra e que o autor asine o teu exemplar!!



Medio Ambiente

LOITA CONTRA A VELUTINA

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.




ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



INFORMACIÓN SOBRE

CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”



Se atopas un niño de velutina
chama ao 012



VEDRA MEDRA

■ Domingo de Entroido larafuzán, comíchesme a carne, deixáchesme o pan.

Nos meses de inverno tampouco descansamos. No de xaneiro estivemos en Santiago no Centro Galego de Arte Contemporánea convidados polo Departamento de Educación Plástica co alumnado de 3.º e de 4.º da ESO da dita materia.

Comezamos o percorrido vendo a exposición “Camiños III”, que ofrecía aos visitantes “o camiñar como pegada cultural que condiciona a mirada e xera paisaxe e consecución de sensibilidade”. Os artistas axudaban ao público a reflexionar sobre o *camiñar da contemplación* con diversas accións performativas rexistradas en vídeo, cadernos de campo e mapas.

Un pracer para os que este curso decidimos seguir camiñando con **Vedra medra**.

E no mes de febreiro celebramos, como vén sendo tradición, o Entroido da Ulla preparando as nosas nove parellas de xenerais e correos que participaron na exhibición deste ano. Un xeito de honralos é recordalos polo seu nome: Enzo e Andrés, David e Ma-



teo, Suevia e Marcos Ferro (de educación primaria); Borja e Miriam, Ángel e Gisella, Xulia e Sergio, Iker e Lucía, Laura e Dani, Noel e Abel (da ESO).

E o noso agradecemento vai tamén para seus pais e súas nais que nos apoiaron ao longo de todo o proceso e para o concello de Vedra que nos prestou os cabalos para os atranques.

Para seguir o desenvolvemento destas dúas novas, poden ir á web do centro, ao Facebook **Vedra medra** ou á revista dixital *Fiadeiro*.

Servizos Sociais



ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA – CURSO 23/24 SOLICITUDES PARA NOVO INGRESO OU RENOVACIÓN DA PRAZA

■ Este ano o prazo ordinario para solicitar a inscrición para o novo ingreso ou renovación de praza na Escola infantil municipal é **do 16 AO 31 DE MARZO**, ambos incluídos.

NON se poderán presentar solicitudes fóra do prazo ordinario establecido, salvo nos casos excepcionais previstos no Regulamento de réxime interno da Escola infantil municipal, coa debida xustificación.

Lugar de presentación das solicitudes:

- **Sede electrónica** do concello de Vedra mediante uso de certificado dixital, firma electrónica ou DNI electrónico.

- **Presencialmente**, no Rexistro Xeral ou no Departamento de servizos sociais do concello, **PREVIA CITA**, solicitada a través dalgún dos seguintes medios.

TODA A INFORMACIÓN NA WEB MUNICIPAL DE VEDRA: www.concellodevedra.gal **INFORMACIÓN NOS TELÉFONOS:** 981 814 693 ou 981 814 612





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Bingo

Xoves 16 de marzo ás 20:00 h.

■ XXIX Romaría da Terceira Idade

Sábado 1 de abril a partir das 12:30 h. en Vedra.

Programa: misa, xantar de confraternidade, actuación musical... Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar aínda que non reúna



Sesión da Escola de Saúde Con moito Gusto, a sexualidade non ten idade.

o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un cus-

to de 10 €/participante. Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social da Terceira Idade, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h. O prazo estará aberto dende o 9 ao 28 de marzo.

LUDOTECA

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Conxuga, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas ademais da realización de distintos talleres e obradoiros.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogando en valores: Contacontos.
- Xincana pola Igualdade.
- Obradoiro emocional.
- Celebración do día da muller traballadora "todas e todos pola igualdade".
- "Mr. Manitas".
- Miúdos/as artistas.



- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Supercchef



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra

TABOLEIRO DE AXUDAS DOS SERVIZOS SOCIAIS!!

1.- AXUDA DE PAGO ÚNICO DE 200€ DA AEAT

■ O BOE do 28.12.2022 publicou a convocatoria para o ano 2023 da axuda de pago único da Axencia Estatal da Administración Tributaria de 200€.

Requisitos:

- Persoas físicas que durante o exercicio 2022 tra-

ballasen e estiveran dados de alta na Seguridade Social ou percibiran unha prestación ou subsidio por desemprego.

- Os ingresos íntegros do ano 2022 sexan inferiores a 27.000€.
- O patrimonio a 31.12.2022 sexa inferior a 75.000€.
- Ter residencia habitual en España no exercicio 2022.



Lugar e prazo para presentar solicitudes:

- **Na Sede Electrónica da AEAT** con certificado dixital, DNI-e ou sistema Cl@ve. O concello de Vedra é Oficina Rexistro Cl@ve, polo que pode solicitarse de xeito presencial nas instalacións municipais previa cita no teléfono 981 814 612.
- **Do 15 de febreiro ao 31 de marzo de 2023.**

Toda a información na páxina web da AEAT.

2.- PROGRAMA DE AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDA

■ **Segue aberto o prazo para solicitar a axuda ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2022-2025 ata o 05 de maio de 2023.**

A axuda consiste no abono do 50% do importe do alugamento e deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Ter contrato de alugamento cunha duración mínima dun ano e no que conste a referencia catastral da vivenda.
- Que a renda mensual da vivenda non supere os 400€ (importe establecido na zona territorial 2 na que se atopa Vedra). Este límite pode incrementarse ata nun 20% en familias numerosas ou cando se precise unha vivenda adaptada.
- Que a suma total das rendas anuais dos conviventes sexan igual ou inferiores:
 - 3 veces IPREM: regra xeral.
 - 4 veces IPREM: familia numerosa xeral, con persoas con discapacidade ou vítimas de terrorismo.
 - 5 veces IPREM: familia numerosa especial ou con discapacidade superior ao 33%.
- Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,5 veces o IPREM.

A axuda concederáse anualmente e poderá acadar o prazo máximo de 5 anos, previa solicitude de renovación anual e mantemento dos requisitos que deron lugar a ela.

A persoa arrendadora da vivenda deberá ter coñecemento de que o seu inquilino solicita esta axuda, xa que ten efectos sobre ambos.

Lugar de presentación de solicitudes:

- Sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/portada>
- Nos rexistros públicos (incluído o do concello de Vedra)

Máis información:

- Bases reguladoras e convocatoria: No DOG do 14.12.2022.
- Nos teléfonos do Instituto Galego de Vivenda e Solo: 981 541 981 e 981 957 529.

3.- AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA EN CONCELLOS CON POBOACIÓN IGUAL OU INFERIOR A 10.000 HABITANTES

■ O Instituto Galego de Vivenda e Solo acaba de convocar as axudas para a adquisición de vivenda en concellos con poboación igual ou inferior a 10.000 habitantes.

Requisitos:

- Nacionais españois, da Unión Europea ou espazo económico europeo ou estranxeiros coa autorización de estancia ou residencia en España.
- Ter unha idade igual ou inferior a 35 anos no momento de solicitar a axuda ou no da subscrición do contrato privado ou da escritura pública de compravenda.
- Ter subscrito con anterioridade ao 15.11.2022 un contrato privado ou escritura pública de adquisición dunha vivenda.
- A vivenda debe estar nun municipio cunha poboación igual ou inferior a 10.000 habitantes.
- O prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, debe ser igual ou inferior a 120.000 €.
- Debe tratarse dunha vivenda xa construída. Para estes efectos, admitiranse tanto as vivendas novas como as usadas.
- A persoa solicitante e a súa unidade de convivencia deberán estar empadroadas nese domicilio.
- As rendas anuais da unidade familiar deben ser iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM. Pode aumentarse a 4 ou 5 veces o IPREM se hai persoas con discapacidade.
- Estar ao día das obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- Non ser propietario nin usufrutuario doutra vivenda.

Os datos fiscais son os correspondentes ao ano económico 2021 e o IPREM utilizado será o do ano 2022.

Contía da axuda: Ata 10.800 euros, co límite do 20% do prezo de venda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

Prazo de solicitude: Do 08.02.2023 ao 31.10.2023.

Prazo para xustificar a subvención: Antes do 30 de novembro de 2023.



Máis información:

- Bases reguladoras: Resolución do 01.08.2022 (DOG núm. 154, do 12.08.2022).
- Convocatoria 2023: Resolución 26.12.2022 (DOG núm. 26, do 07.02.2023).
- IGVS: 981 541 981 ou 981 957 529 ou informacionxeral.igvs.santiago@xunta.gal

4.- PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO – TEMPADA 2023

■ Segue aberto o prazo de solicitudes ou modificación de datos para participar deste programa nas seguintes modalidades:

- Para as quendas dos meses de febreiro a agosto de 2023 o prazo de solicitudes está pechado.
- Para a inclusión na listaxe de agarda para cubrir prazas que queden vacantes por renuncias ou outras circunstancias:
- Para as quendas dos meses de febreiro a agosto, ambos inclusive: ata o 14 de maio de 2023.
- Para as quendas dos meses de setembro a decembro: ata o día 15 de novembro de 2023.

As persoas que participaran no programa en anos anteriores recibirán na súa vivenda a carta de acreditación. Se desexan variar algún dato persoal ou preferencia deberán presentar o formulario cuberto dentro dos prazos indicados.

Para facer as inscricións no departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Vedra róga-se solicitar cita previa no teléfono 981 814 693.

Máis información:

- Resolución do 21.11.2022 do IMSERSO, publicada no BOE do 29.11.2022.
- Teléfono IMSERSO: 912 667 713.
- Na páxina web do IMSERSO.

5.- CONTINÚA ABERTO O PRAZO PARA DARSE DE ALTA NO PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO (TEMPADA 2023)

■ As persoas que xa estaban acreditadas ou se deran de alta no mes de xullo NON teñen que volver a presentar ningunha solicitude. Esta convocatoria extraordinaria é só para aqueles que non estean dados de alta con anterioridade E ESTÁ ABERTO ABERTO ESTE PRAZO EXTRAORDINARIO ATA O 1 DE MAIO DE 2023.

Infórmate:

- No teléfono: 912 667 713
- Na páxina web do IMSERSO: <https://imserso.es/>

web/imserso

- No departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Vedra (981 814 693).

6.- INFORMACIÓN TARXETA BENVIDA

■ A tarxeta benvida é unha axuda económica para as familias que durante o ano 2023 teñan descendencia ou que a tiveran durante os anos 2021 ou 2022 e non puideran solicitala por ter superado ingresos e na actualidade experimenten unha variación á baixa da renda da unidade familiar.

A tarxeta só poderá ser utilizada en farmacias, para-farmacias, ópticas, librarías, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia de toda Galicia.

Contía da axuda:

- Con carácter xeral, a contía total da axuda é de 1.200 € por cada fillo ou filla durante un ano a razón de 100 €/mes. No suposto de que o fillo ou filla que dá dereito á axuda sexa o/a terceiro/a ou sucesivo/a da unidade familiar a contía da axuda será de 2.400 € a razón de 200 €/mes.
- Aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € terán dereito a unha axuda complementaria no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena faga tres anos.
- Excepcionalmente, a axuda poderase percibir ata un ano máis sempre que a unidade familiar estea declarada polo órgano dos servizos sociais comunitarios básicos en situación de especial vulnerabilidade, teñan un recurso do sistema público de protección social pendente de resolución e así o soliciten dentro dos dous meses anteriores á data en que o neno ou nena faga os tres anos.

Requisitos:

- Residencia habitual en Galicia.
 - Renda da unidade familiar non superior a 45.000€.
- No suposto de que esta contía fose superior, a renda per cápita non deberá superar os 13.500 €.

Máis información:

- Na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia: tarxetabenvida.familia@xunta.gal ou no teléfono 012
- Sede Electrónica Xunta de Galicia.
- Concello de Vedra: 981 814 612.

EN MARZO... VEDRA É MULLER

■ O Día Internacional da Muller, 8 marzo, é unha data que se celebra en todo o mundo. Un día no que as mulleres de todos os continentes, a miúdo separadas por fronteiras nacionais e diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, económicas e políticas, únense para gritar en prol da igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Neste sentido, desde a Concellaría de Igualdade trabállase por lograr a igualdade e a emancipación das mulleres no concello, unha igualdade que sexa efectiva e real. Un traballo que se desenvolve ao longo de todo o ano.

Cada ano realízanse diversos actos de sensibilización ao redor do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, sobre a desigualdade que sofren as mulleres.

Algunhas das actividades que se realizarán no mes de marzo:

- Venres 3 de marzo ás 20:30 h. no Centro sociocultural de Vedra ACUXU-VE presenta o documental. "Asociadas +. As mulleres nas asociacións de Vedra"



- 8 de marzo

Recoñecemento Vedra é muller:

Todos os anos o concello de Vedra a través do departamento de Igualdade outorga o recoñecemento a unha ou varias mulleres do concello, para visibilizar e por en valor a súa contribución pola igualdade no noso concello. "Vedra é Muller" este ano recae nas nosas veciñas do programa de voluntariado de maiores, que se desenvolve no marco dos Servizos Sociais do concello de Vedra polo seu papel fundamental para impulsar a participación social dende a igualdade. Este acto "Vedra é Muller" realizarase o día 8 de marzo ás 17.00 h no Salón de Plenos da Casa Consistorial e ao finalizar farase a lectura do manifesto.



Presentación Podcast "Moitas mulleres nunha soa

muller", a cargo das participantes do Programa Mulleres+ no marco dos Servizos Sociais comunitarios do concello, un podcast que nace para dar voz e sentir á evolución das mulleres. Ás 17.00 h no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

- Domingo 12 de marzo

Andaina "Camiñando pola Igualdade".

Trátase dunha acción conxunta cos concellos de Touro e Boqueixón. O concello de Vedra xunto cos concellos veciños de Touro e Boqueixón veñen desenvolvendo distintas actividades conxuntamente. Nesta ocasión, a andaina Camiñando pola Igualdade propón que dun xeito lúdico percorramos



parte dos tres concellos "no camiño da igualdade", a través de diferentes fitos de mulleres que construíron a nosa historia. Organizamos esta andaina co fin de compartir experiencias e propiciar novos proxectos, facer visible o importante papel das mulleres nos concellos rurais como o noso. A andaina partirá de Bendaña ás 9:30 h. da mañá ata o Gundián chegada aprox. ás 13:30 h.

Cultura na Nave

MULLER

A Estación Cultural

MARZO

Sábado 18

19:00 hs

MESA DE EXPERIENCIAS COA ASOCIACIÓN BERENGUELA e convidadas.
Programa de radio

EXPOSICIÓN:
"MULLERES VALENTES", de Rosa de Cabanas.

FEMINISMOS A PÉ DE VÍA:
información, fotocall, actividades de dinamización.

20:00 hs

CONCERTOS:
Pandereteiras Silandeira
Pandereteiras Dedaleiras
Caamaño e Ameixeiras

Domingo 19

13:00 hs

Sesión vermú de contos con Ángeles Goás
"Contos da Torre, do Foco e de Romariz" Asociación Berenguela

Máis información en: concellovedra.gal
Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla - Vedra



"AS SORES"

O nome xurdiu da palabra sororidade: o termo sororidade refírese á irmandade entre mulleres con respecto á desigualdade de xénero e que buscan a solidariedade entre elas; sororidade é un concepto derivado do latín soror que significa irmá. **Camiña con elas!**

E continúa o **"MULLERES + 2023"** Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

- Apoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (facebook, twitter, instagram, pinterest,...).
- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogues).

nais, radio e televisión, blogues).

E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.

- Mellorar a posición de mulleres no acceso ao mercado laboral e ao sector tecnolóxico e dixital, mediante unha capacitación en TIC.
- Ofrecer asesoramento e acompañamento personalizado ás participantes para que poidan establecer e acadar obxectivos persoais (formativos, laborais...)

O taller desenvólvese en distintos horarios para facilitar a participación a través de actividades grupais e individuais de coaching.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.gal tel. 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 h.



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Concello
de Vedra

Iniciativas das Asociacións

TEATROFILIA 2023 - ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

- Venres, 10 de marzo ás 21:30 h. "Camiños e carreiros" (TP) da A. M. T. de Vedra (5x5).
- Sábado, 11 de marzo ás 20:30 h. "Casa rural con encanto" (TP) da A. M. T. de Lalín (5x5)
- Domingo, 12 de marzo ás 19:30 h. "Serán" (TP) da A. M. T. de Mazaricos (5x5)

Venres, 17 de marzo ás 21:30 h. "Desaqueitando" (TP) Teatro Pesadelo (Vedra)

Sábado, 18 de marzo ás 19:00 h. "Pirilampo" (Infantil) Companhia de Teatro de Santo Tirso (Portugal)

Domingo, 19 de marzo

11:30 h. Obradoiro de danza africana (+12)*

19:30 h. "República Sideral" (TP) Teatro Airiños (Rianxo)

- Venres, 24 de marzo ás 21:30 h. "Salón Alfonsina" (+12) Vicus Teatro (Vigo)

Sábado, 25 de marzo ás 20:30 h. "Así soa o meu corpo" Danza (TP) Lara Munín (Vedra)

"Asfixia" (+16) Vórtice Escénico (Vigo)

Domingo, 26 de marzo ás 19:00 h. "Rosalía" (Infantil) Culturactiva (Santiago de Compostela)**

- Venres, 31 de marzo ás 21:30 h. "Encaixadas" (TP) Teatrino (Ourense)

Sábado, 1 de abril

11:30 h. Visita teatralizada aos xardíns do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.

"Benvido, Sr. Ilustrado!" (TP) Andaravía Teatro (Vedra)*

16:00 h. Tarde infantil.

"O poder da palabra" Xs Papaventiñxs (Vedra)

"Carta aos Reis" Escola de Sarandón (CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas")

20:30 h. "A pena do cu do mundo" (+18) Carrachanacacha (Narón)**

* 5€ Prazas limitadas. Imprescindible inscrición previa: ac_papaventos@yahoo.es ou na billeteira de Teatrofilia.

**Dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

A hora fixada no cartel é a de comezo da función. As portas abríranse 15 minutos antes.



XORNADA PARKOUR O DOMINGO 19 DE MARZO COA ANPA DO CPI DE VEDRA

■ A ANPA do CPI de Vedra xunto coa Universidade de Santiago abren a preinscrición para unha Xornada de Parkour e Breaking (Breakdance) de 2 horas na mañá do domingo 19 de marzo de 11:00 a 13:00 h.

- Inscrición gratuíta.
- Prazas limitadas.
- Actividade dirixida á rapazada de entre 12 e 16 anos. Se tes fillos de entre 8 e 12 anos podes inscribilos e, se xuntamos grupo, farase unha actividade dirixida a eles.
- Inscricións en www.anpavedra.es

LIGA BIBERÓNS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ Anímate e ven a xogar ao fútbol con nós.

Inscricións abertas para nenos e nenas nados nos anos 2017 e 2018.

Máis información:

- escolasdeportivasvedra@gmail.com
- Teléfono 622 62 92 05
- www.escolasdeportivasvedra.org

XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO con motivo da XLI FESTA DO VIÑO DA ULLA

XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO
XLI FESTA DO VIÑO DA ULLA - 2023
Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

Mércores 12 de abril ás 20:00 h.:
Conferencia: "A boa práctica fitosanitaria e de biocontrol no viñedo. Aspectos técnicos e regulatorios."
Intervén: **Juan Carlos Vázquez Abal**
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) - AGACAL, Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia.

Xoves 13 de abril ás 20:00 h.:
Túnel do viño: Espazo de cata, onde as persoas asistentes estarán asesoradas, e poderán degustar 10 marcas de viños das diferentes subzonas da D.O. Rías Baixas. Cata comentada.
Intervén: **José Luis Martínez Canle**
Técnico do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas.

Venres 14 de abril ás 18:00 h.:
Saída de campo: Coñecemento de novos proxectos vitivinícolas da Ribeira do Ulla: Adega Mar de Envero (Teo) e Enoturismo María Manuela (Boqueixón).
Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Máis información e inscricións: 981 814 691 ou festadovinodaula2023@gmail.com. Prazas limitadas.

XLI FESTA DO VIÑO DA ULLA
SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA
15 E 16 ABRIL 2023

Parabéns

A UXÍA RODRÍGUEZ

■ Veciña vedresa que con tan só 21 anos participará como mecánica de competición no próximo mundial de Moto3. Un exemplo de como acadar as túas metas con esforzo e determinación!!



A MARGARITA BALBOA E MARGARITA NEIRA

■ Dúas intrépidas veciñas vedresas que completaron o Camiño Francés dende Roncesvalles. Noraboa!!



PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!